

Marisa Oreiro

AS MULLERES CO MUNDO NA CABEZA. OS CAMIÑOS DO PINDO

TEXTO LIDO NA ESTREA DO DOCUMENTAL DO CONSELLO
DA CULTURA GALEGA EN CARNOTA



PRESENTACIÓN

Boa tarde. Moitos dos que estades aquí sabedes quen son. Para quen non me coñeza, preséntome. Son Marisa, filla de Olimpia e afillada de Marisa, as mulleres que aparecen no documental que imos ver.

Agradezo no nome delas e tamén no meu, a iniciativa de Encarna Otero, que foi a promotora desta obra, ao Consello da Cultura, presidido por Rosario Álvarez Blanco por materializar esta iniciativa, a Beatriz e Teresa, que nos gravaron, ao Concello de Carnota por acoller esta presentación, a vós, que estades aquí e a Guadi pola súa música.

TEXTO

Quero falar das mulleres protagonistas deste documental, pero tamén de outras moitas, entre as que eu me criei. Das miñas mulleres (miñas avoas, miña nai, miña tía, miña madriña) e das outras, de vós, das miñas veciñas, as miñas amigas, do que tendes vivido, escoitado e aprendido de vosas nais, de vosas avoas... Quero falar do que me ensinaron, do que me ensinastes.

Se animei a miña nai a que aceptase gravar este documental, foi polo **recoñecemento merecido** que ela (elas) merecen e, a través delas, polo recoñecemento debido a moitas, moitas outras. Tamén **pola memoria do que fomos**, e **pelo valor do que somos**. Non é unha memoria bucólica, nin idealizada, nin infantil, nin sempre fácil. É unha memoria analizada dende os anos que xa temos, elas e máis eu. É a memoria dunha realidade moitas veces dura, coas súas negruras, pero tamén coas súas luces e, pola miña banda, cunha vivencia en conxunto feliz, na que moitas das persoas que estades aquí seguramente vos poidades recoñecer. É a memoria de mirar para atrás, pero tamén para diante, como elas me ensinaron, a de construír **valorando o que fixeron** e, a través delas, **autovalorándonos**.

1ª ensinanza: autovalor

Vin ás miñas mulleres, como moitas outras, facer de todo. Tarefas orientadas a alimentar, a sacar unha peseta, a coidar, sandar, vestir, formar... Na agra e cos animais, todas, mitigando as penurias coa agricultura de autoconsumo, co troco. Escoitei sobre a guerra e a posguerra, anos duros de fame, de caldo de touciño, de boroa, caldo que moitas veces se partillaba co quen tiña menos. Crieime entre mulleres labrando, cociñando, lavando no río, calcetando, zurcindo, amendando, poñéndolles as buceiras aos zocos, indo co leite, vendendo na vila, subindo sacos de patacas ao teito do Finisterre, apañando o xunco na ribeira, carrexando feixes de herba, cos cestos fondos cargados na cabeza, riba do sombreiro da Serra, mariscadoras, peixeiras, tendeiros... Para que seguir, seguro que sabedes de que falo. E tamén vin ler ás miñas mulleres, lectoras do que había, do que lle caía nas mans, cambiaban as novelas...miña avoa Calicha lía a Marcial Lafuente Estefanía con devoción. Nós non tivemos radio, e menos tele, ata que eu fun grande. A radio púxose nun estante na cociña e adorámola bastante. Crieime, en fin, entre mulleres **transmisoras de tantos saberes** e tamén transmisoras da **memoria dos ausentes**. O amor a meu pai –adoreino- foi vivido, pero tamén en gran medida transmitido, falábanme del sempre: primeiro porque pouco o vía (traballaba

de sol a sol – era canteiro-), despois porque emigrou, e despois porque morreu sendo moi novo.

Mulleres moitas veces soas, por distintas circunstancias: nais solteiras, viúvas, mulleres de mariñeiros, de emigrados ou de xornaleiros que estaban fóra da casa de sol a sol, coidadoras da familia, da facenda, da casa, do agro. Miña avoa Dominga da Calicha criou soa a meu pai, dunha maneira tan precaria...Miña avoa Micaela de Albela sacou adiante a tres fillos e tres fillas, estando meu avó enfermo. Mulleres sobrepoñéndose tamén a mortes prematuras e duras, que abateron a familia. Múltiples mulleres múltiples, múltiples ocupacións, multiplicándose na atención da vida.

Con economías certamente precarias , moitas veces con enorme esforzo económico conseguiron cotizar á Seguridade Social para poder ter dereito na vellez a unha pensión contributiva, unha pensión da Agraria.

Mulleres que enfrontaron as dificultades desa maneira!!. Creo que moitos dos que estades aquí podedes contar algo parecido. *“Que sería de nós miña nai, se ti tiveras alas”.*

2ª ensinanza: procurar unha independencia económica

Vivín con mulleres nin perfectas nin santas, se non lúcidas, traballadoras, ao temón das súas vidas, e polo tanto, das nosas . Elas utilizaron as mans e as cabezas, as súas lúcidas, sabias e grandes cabezas para saír e sacarnos adiante, procurándonos unha vida máis digna a nós, aos seus fillos, pero tamén ás súas fillas.Mulleres que co mundo na cabeza, en tódolos sentidos, tomaron decisións cruciais para o noso futuro. Miña nai foi á escola ata os 11 anos. Mesmo cando eu me criei non era tan común que as fillas foran á Universidade e nós fomos, eu fun, miñas curmáns foron, en igualdade cos varóns.. Abríusenos esa posibilidade ensinándonos, de paso o esforzo e o valor do que temos e o que valem.

3ª ensinanza: decide por ti mesma

E 4ª ensinanza: aprende todo que poidas

Miña nai quería estudar . Miña avoa Calicha que naceu no 1910, lamentábase sempre de que non sabía interpretar un mapa. Fora pouco á escola, pero sabía ler e escribir, e botar as contas, que xa tampouco era tan frecuente daquela, no caso das rapazas . Xa na súa casa se ocuparan de que ela aprendera iso. Elas tiñan, iso si, o saber como aspiración, que é máis do que se pode dicir de moitos, e iso foi o que procuraron para nós.

Débolles – debémoslles- non só unha formación e a procura dunha mellor vida, se non a aprendizaxe dunha maneira de estar no mundo . De estar neste sitio, que é de onde me sinto e de onde son, e tamén noutros, onde se desenvolve a miña – as nosas- vidas.

Agora que xa remato, quero facer unha definición e unha dedicatoria.

Este documental titúlase “Mulleres co mundo na cabeza”. Eu hoxe, utilizando un símil xeométrico, recordando tódalas formas que vin na calceta que fixo miña nai, nomeareinas tamén MULLERES PIRÁMIDE: poderosa base de sustentación, coas súas arestas ,esas caras en rampla polas que gapeamos ata o vértice e un bico afiado, que sempre pode facer falta.

Para rematar, lerei uns versos que eu lle escribín a Olimpia e que hoxe lle dedico ás mulleres que me acompañan na vida, incluíndo as que non están xa, que son moitas . Tamén para todas as que estades aquí hoxe.

PÉS DE LEITEIRA

Todo o monte por diante, miña nai.
Pés de leiteira baixo do monólito escuálido do corpo.
A cabeza avultada polo sombreiro da Serra
e riba do mulido o mundo enteiro.

Anda lixeira, colle o camiño
tripado por mulleres
nun ir e vir á présa.

Se hai sorte, levas un pouco pan no mandil
e unha pastilla de chocolate na faldriqueira.

O sombreiro da Serra é un talismán cósmico.